

SETIMA SOCIEDADE COOP GALEGA
NIF: F27856517

PROCEDEMENTO: CT207H – Desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais
NÚM. EXPEDIENTE: CT207H/2022/7
ASUNTO: Resolución de concesión particular modificatoria da resolución de concesión

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 25 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 20141-2020, como parte da resposta de Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT207H).
2. O día 24 de marzo de 2022 ten entrada, no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, solicitude da axuda presentada por SETIMA SOCIEDADE COOP GALEGA, co NIF F27856517 dando lugar á apertura do expediente CT207H/2022/7, no procedemento CT207H.
3. Examinada a solicitude compróbase que esta non está completa, polo que se lle require en data 31 de marzo de 2022, para a súa emenda, que é achegada pola entidade o día 31 de marzo de 2022.
4. Con data 29 de xullo de 2022 reúnese a comisión de valoración creada ao efecto, para avaliar as solicitudes que cumpren co establecido nas bases da convocatoria, que emite o seu informe preceptivo en data 29 de xuño de 2022. No informe o proxecto presentado por SETIMA SOCIEDADE COOP GALEGA, acada unha puntuación de 23,1667 puntos e o proxecto menos valorado que acadou subvención na modalidade de guión obtivo 25,1250 puntos, polo que os puntos obtidos pola interesada non acadaban a puntuación necesaria para subvencionar o seu proxecto.
5. En data 27 de xullo de 2022 o Presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) emite resolución de concesión da axuda, na que a entidade SETIMA SOCIEDADE COOP GALEGA, con NIF F27856517 e nº de expediente CT207G/2022/7, ao obter unha puntuación de 23,1667 puntos, sitúase na lista de agarda.
6. O día 1 de agosto de 2022, ten entrada no rexistro electrónico, escrito onde expón que unha vez comprobada a puntuación obtida nos bloques A e B, non se corresponde coa súa previsión, solicitando a revisión dos puntos outorgados.



7. Tras as oportunas revisións do expediente, pola Comisión de Valoración, a puntuación total final da solicitude da interesada pasa de 23,1667 puntos a 25,6667 puntos polo que, en data 21 de agosto, o Presidente do consello Reitor da Agadic emite resolución estimatoria do recurso presentado, retrotraendo o expediente ao estado procedimental correspondente.

8. En data 8 de novembro de 2022, publícase no DOG nº 212, Resolución do 28 de outubro de 2022 pola que se fai público o incremento de crédito previsto na Resolución do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT207H), polo que, xunto cun remanente de crédito por unha renuncia presentada por outro outro beneficiario, existe crédito suficiente para poder satisfacer o importe da solicitude cuxo recurso foi estimado.

9. En data 10 de novembro de 2022 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) trala instrución do expediente, emite proposta de resolución da concesión particular modificativa da Resolución de concesión do 27 de xullo de 2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, segundo sinalado no artigo 18.2 da Resolución do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta de Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT207H), debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic, e de conformidade con ela, **RESOLVO:**

Modificar a resolución de data 27 de xullo de 2022, no sentido de conceder a subvención, por acadar unha puntuación de 25,6667 puntos, á entidade SETIMA SOCIEDADE COOP GALEGA, con NIF F27856517 polo importe de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 euros), repartidos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2022: 43.333,33 €

Anualidade 2023: 21.666,67 €

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:



a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O Presidente do Consello Reitor da Agadic
Román Rodríguez González



1. Estas axudas están enmarcadas no seguintes marco de actuación:

Fondo financiamento: FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional)

Programa Operativo: Feder Galicia 2014-2020.

Esta actuación enmárcase nos seguintes:

Eixe Prioritario: EP20 Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da Economía. (REACT-UE).

Obxectivo Temático: 13 Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía. (REACT-UE).

Prioridad de inversión: 01: Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía

Actuación CPSO: 20.1.3.2.4 Ayudas para el impulso de la industria cultural y creativa gallega

Obxectivo Específico: OE 20.1.3.2 - OE REACT-UE 3.2. Apoio a medidas de axuda económica nas rexións máis dependentes dos sectores máis afectados pola crise da COVID-19. Organismo con senda Financeira: Xunta de Galicia

Organismo intermedio: Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública abarcando todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes.

Organismo de selección de operación e entrega o DECA: Axencia Galega das Industrias Culturais.

2. Definición do proxecto

Título e obxecto: SETIMA_SLATE. Paquete de propostas de 2 longas de ficción e 1 longa documental.

A continuación descríbense os proxectos do paquete, que a tenor literal, di:

"AS ASPAS" Longametraxe documental.

Sara (23), Amalia (23) e Silvo (22) son tres amigas que comparten piso en Compostela no ano 2007.

Sara e Amalia son neurodiverxentes. Sara ten o Síndrome de Asperger e Amalia un autismo atípico que lle afecta á fala. Igualmente fan a súa vida con normalidade e independencia, o que lles supón confrontar unha sociedade que aínda non está preparada para aceptalas con normalidade.

A través das súas actividades cotiás van tomando conciencia crítica dos valores da súa propia linguaxe. Sara grávoa todo coa súa cámara minidv: como se relacionan coas cousas, coa xente, cos animais... Desfrutan véndose a sí mesmas protagonistas da súa propia historia e deciden ir máis aló.

Redactan un manifesto onde expoñen as súas ideas sobre a linguaxe e crean video-accións onde poñen en práctica os seus postulados teóricos difundíndoos por unha recentemente aparecida internet 2.0.

A súa repercusión é notable con reaccións críticas que as acusan de falsidade, vandalismo e falta de sensibilidade, ao mesmo tempo que despertan unha corrente de admiración e orgullo que comeza a replicar as súas accións.

Deciden dar un paso máis e convocar unha acción colectiva que curtocircuíte os sistemas de comunicación normativizados. Inspiradas por un ataque de crise que Amalia sofre na cociña da súa casa, descubren unha maneira moi sinxela de conseguilo. Mais deben facelo coa complicidade e a colaboración de todo o movemento.



O éxito acadado déixaaas satisfeitas pero desvela unha dobre cara, xa que reforza o sistema de seguranza e control social.

“AS CÁRCAVAS”. Longametraxe de ficción. Drama. Realismo máxico.

As cárcavas son os sucos que se producen nas rochas e chans pola erosión do paso da auga. Son coma cicatrices que o tempo deixa na terra

Forastera ten 47 anos, vive en Alemaña, onde naceu. A súa nai, galega, emigrou alí cando era moi nova e non regresou nunca.

A súa nai acaba de falecer. Forastera nunca visitou o lugar onde naceu e creceu a súa nai, pero ten imaxes inventadas na súa cabeza. Ela non o sabía, pero a súa nai conservaba un anaco de terra en Galicia. Este bosque é a súa herdanza, o seu derradeiro vínculo coa orixe materna. Sinte a necesidade de coñecer este lugar, polo que decide emprender unha viaxe na súa moto, dende Alemaña a Corrubedo.

Forastera conduce por unha longa estrada rodeada de árbores cando atopa unha muller de idade avanzada, parecida á da súa nai, tendida no chan. Forastera frena de súpeto e esvara coa moto. A señora está morta. Forastera, buscando axuda, atopa ao fillo desta muller colocando unhas lámpadas que decoran a entrada do pobo. Son as festas desta pequena localidade e Forastera véese obrigada a quedar alí dous días mentres reparan a súa moto.

A partir desde momento prodúcese unha segunda viaxe de Forastera, algo semellante a un renacer. Crúzase neste camiño coas historias de distintas personaxes, coma unha nena que non entende por que non pode quedar cuns caracois, un grupo de adolescentes que vai comezar a universidade ou unha veciña que nunha tormenta perdeu aos seus animais.

“FAME E FEBRE” Longametraxe de ficción. Drama

Tras o ingreso da súa irmá Clara na Unidade de Desordes Alimentarios do Hospital de Santiago de Compostela, Afonso decide abandonar toda a súa vida nunha pequena aldea para mudarse á cidade, co obxectivo de atender as posibles necesidades da súa irmá e sentirse máis preto dela, a pesar de que se atopa totalmente incomunicada. Cada semana, Afonso acode ao hospital para levar a roupa limpa de Clara e para falar coa doutora da unidade sobre a evolución da súa anorexia. Afonso e Clara teñen unha intensa relación de dependencia desde nenos que se intensificou cos primeiros síntomas da enfermidade dela.

Nesta nova vida na cidade, Afonso comeza a buscar o seu lugar no mundo, desorientado e sen a compañía de Clara, a muller que sempre o acompañou e que acaparou todo o seu tempo desde a morte dos seus pais. Afonso soña con construír un fogar para os dous onde Clara poida recuperarse por completo.

Os días pasan e a incomunicación coa súa irmá leva a Afonso a momentos de desesperación nos que perde o control sobre si mesmo e déixase levar polos seus instintos máis primarios, enfrontando unhas fortes febres que lle suben nos momentos de máxima tensión e que lle provocan alucinacións.

Ademais, a súa obsesión por saber de Clara lévao a facer todo o posible por conquistar a Pedro, un enfermeiro do hospital co que comeza a verse periodicamente, tras anos sen ter contacto con outros homes. Porque aquilo que xorde como un plan para ter información privilexiada sobre a súa irmá, acaba converténdose na primeira relación sentimental de Afonso.

Así mesmo, Pedro pasa a ser un novo dilema na vida de Afonso que quere abrirse a novas experiencias e sensacións xunto ao enfermeiro, pero sabe que Clara non vai estar incomunicada para sempre. Afonso terá que decidir se quere vivir a súa propia vida, apostando por Pedro, ou abandonar ao enfermeiro para seguir dedicado en corpo e alma a Clara, esa muller da que non consegue desferrarse porque, ademais de ser o seu irmán, é o seu coidador.



Lugar: Galicia

Importe total: 65.000,00€

*Para calcular a contía da axuda concedida tivéronse en conta os límites establecidos no artigo 4 da Resolución do 29 de decembro de 2021

Importe da Subvención: 65.000,00 €

Anualidade 2022: 43.333,33 €

Anualidade 2023: 21.666,67 €

Importe con Fondos Feder (100%): 65.000,00 €

Custe total da operación: 78.614,00 €, ive incluído

Custo total subvencionable: Importe subvencionable: 67.400,00 €

Intensidade da subvención: 96%

A esta axuda aplícaselle o Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, polo que é incompatible con outra axuda para o mesmo proxecto de calquera departamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, mais é compatible con outras doutras administracións públicas pero estará suxeita ao réxime de incompatibilidades establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) 1303/2013. Ademais de conformidade co disposto no Real decreto 1084/2015, de 4 de decembro que desenvolve a Lei 55/2017, do 28 de decembro, do cinema, modificado polo Real decreto 1090.

*Para calcular a contía da axuda concedida tivéronse en conta os límites establecidos no artigo 4 da Resolución do 25 de xaneiro de 2022

Finalidade da obra	Modalidade	Contía máxima
Obras cinematográficas	Proxecto de longametraxe de animación	30.000
	Proxecto de longametraxe de ficción	25.000
	Proxecto de longametraxe documental	15.000
Obras audiovisuais para TV e plataformas	Proxecto de serie de ficción ou animación	30.000
	Proxecto de serie documental	20.000

3. Condicións de execución do proxecto:

a) inicio: data de solicitude da axuda e elixibilidade 24/03/2022

b) O período subvencionable abrangue as actividades realizadas e pagadas entre o 25/03/2022 e o 15/06/2023

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T.881996077/78
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



c) prazos de xustificación:

- primeira anualidade desde a concesión ata 01/12/2022.
- segunda anualidade desde 01/01/2023 ata 15/08/2023.

d) fin DECA: 20/10/2023. (Data límite para o pagamento do IRPF e os Seguros Sociais)

4. Condicións derivadas do financiamento da axuda con fondos europeos:

1. O cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento. A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- A recepción deste documento implica a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións. A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

- O método aplicado para determinar o importe dos gastos subvencionables e o importe da subvención é o de custos reais.

- Existencia de custes indirectos: En aplicación da opción prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e da Orde HFP/1979/2016 do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020, o custo subvencionable por gastos indirectos será o importe resultante de aplicar un tipo fixo do 20% para gastos xerais

- Cumprir a normativa aplicable ao Feder, en particular, o regulamento (UE) nº 1303/2013 e ao regulamento (UE) nº 1301/2013, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento

- Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, ou a Autoridade de Certificación, ás comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio e, se é o caso, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta



información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.

- Someterse ás actuacións de control e análise de riscos que poida efectuar a Autoridade de Xestión do programa operativo e, no seu caso, os órganos competentes do Organismo Intermedio coa axuda de ferramentas informáticas específicas da Unión Europea, en particular a aplicación informática Arachne.
- En relación coas cotas de IRPF ou seguros sociais liquidadas con posterioridade á data fin de execución, a persoa beneficiaria queda obrigada a achegar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes no que á persoa beneficiaria lle corresponde liquidar estes gastos.
- Comunicar á Axencia Galega das Industrias Culturais a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.
- Desenvolver as actividades financiadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Solicitalle á Axencia Galega das Industrias Culturais autorización para realizar aquelas modificacións no desenvolvemento das actuacións aprobadas que estean suxeitas a autorización previa. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a non admisión das cantidades desviadas.
- Dar publicidade ás axudas recibidas nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación, incluída a subcontratación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con elas, mencionando expresamente a súa orixe e o financiamento con fondos estruturais da Unión Europea. Ademais, deberán publicar a concesión da axuda na páxina web e mantela actualizada. Na páxina web deberán figurar, como mínimo, os obxectivos e os principais avances. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia e a frase « Axencia Galega das Industrias Culturais » así como financiado con cargo aos Fondos Feder. Así mesmo, deberá informarse que foi apoiado pola Xunta de Galicia
- As instrucións detalladas relativas ás obrigas de publicidade da axuda estarán a disposición na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<http://www.agadic.gal>), na súa epígrafe de axudas.
- Ao tratarse de subvencións financiadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e atendendo ao sinalado no capítulo II do Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá, durante a realización da operación:



1. Recoñecer o apoio do Feder á operación mostrando, en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como referencias á Unión Europea, ao Fondo Feder e unha mención a que a operación está financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19. Tamén se incluírá o lema «Unha maneira de facer Europa».

2. Informar o público do apoio obtido do FEDER durante a realización do proxecto facendo unha breve descrición na páxina web da entidade beneficiaria, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. Cando se mencione o Fondo Feder completárase cunha referencia relativa a que se financia como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

3. O beneficiario deberá colocar, a lo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3) nun lugar visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio, indicando o obxectivo da operación e de acordo coas características que se facilitarán por AGADIC.

- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta resolución.

- Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables durante un período de 3 anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas anuais en que estean incluídos os gastos da operación (artigo 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).

O órgano concedente informará ao beneficiario da data de inicio á que se refire esta obriga.

- Os indicadores de produtividade asociados a esta axuda son os seguintes:

CO01 –

Número de empresas que reciben axuda: 1 empresa

Unidade de medida: empresas

Valor estimado para esta operación: 1 empresa

CO02

Número de empresas que reciben subvencións: 1 empresa

Unidade de medida: empresas

Valor estimado para esta operación: 1 empresa

- O indicador de resultado é:

el R030A Taxa de supervivencia nacional/rexional de PEMES no cuarto ano de vida.

Unidade de medida: %

Valor de referencia: 52,3



5. Condicións para o aboamento da subvención:

- Para ter dereito ao pagamento da axuda deberá presentarse electronicamente, accedendo á carpeta cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a documentación xustificativa da subvención ademais dos formularios establecidos ao efecto anexos III e IV

- O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego e o cumprimento das obrigas establecidas na presente resolución, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados ou pagos á conta para o que se estará ao establecido na Lei 972007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, así como ao acordo do Consello da Xunta de Galicia que exige de constitución de garantías aos beneficiarios destas axudas.

- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos á conta ata un 80% da subvención concedida respondendo ao ritmo de execución do proxecto obxecto da subvención e previa xustificación dos gastos conforme ao establecido nestas bases para a xustificación, tal e como se establece no artigo 62 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, aprobada por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

- Só serán computados a efectos de xustificación os gastos que foran efectivamente pagados no momento da xustificación do gasto e así se acredite documentalmente, mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil, que teñan como destinatario a la empresa produtora e cuxo expedidor quede identificado nas mesmas, así como mediante nóminas que estean emitidas pola empresa produtora. As facturas e documentos xustificativos similares serán expedidos conforme ao disposto na normativa reguladora das obrigas de facturación que resulte aplicable. En todos os supostos deberán presentarse facturas ou documentos xustificativos orixinais, acompañados da documentación acreditativa do pago.

- O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención, ou as modificacións autorizadas. Se a xustificación fose inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña o cumprimento da finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado. No caso de que non se xustifique a subvención en prazo, ou de que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, quedaría anulada na súa totalidade.

- A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro das cantidades percibidas, caso de habelas, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.



6. Consideracións legais e técnicas.

Para todo o non establecido nesta resolución, estarase ao disposto:

1.1. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, e supletoriamente á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, así como os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

1.2. Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1.3. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

1.4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

1.5. Lei 55/2007 do 28 de decembro do Cine, Real Decreto 1084/2015, do 4 de decembro que a desenvolve e Real Decreto 1090/2020, do 9 de decembro, que modifica o anterior.

2. As axudas obxecto desta convocatoria réxense polas normas comunitarias aplicables por razón do financiamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación a seguinte normativa comunitaria:

2.1. Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

2.2. Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

2.3. Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

2.4. Orde HAC/114/2021, de 5 de febreiro, pola que se modifica a Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos Programas Operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

2.5. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2.6 Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento Europeo e o Consello, do 30 de marzo do 2020, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n1 1301/2013, (UE) n° 1303/2013 e (UE) n° 508/2014, no relativo a medidas específicas para mobilizar inversións nos sistema de atención sanitaria dos Estados membros e noutros sectores das súas economías, en resposta ao brote da COVID-19 (Iniciativa de investimento en resposta ao coronavirus).

2.7. Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento e o Consello, do 23 de abril de 2020, polo que se modifican os Regulamentos (UE) 1301/2013 e (UE) 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos en resposta ao brote de COVID-19.

2.8. Regulamento (UE) 2020/2221 que establece as normas e disposicións de execución referentes aos recursos adicionais aportados en calidade de Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE), a fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía.

2.9. Regulamento UE n° 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e se regulan os réximes de axuda concibidos para apoiar a elaboración de guións, e o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais.

